ASOCIACIÓN AGRARIA
DE GALICIA

CES galicia RX2020E16
09/03/2020

O que asina, Francisco Bello Bello con DNI 33.264.972A en calidade de Presidente da **Asociación Agraria de Galicia** con CIF G94114675 e domicilio a efectos de notificacións en Praza Carlos Casares Mouriño, 7 Entreplanta 15707 San Lázaro – Santiago,

EXPON:

1.- Que a **Asociación Agraria de Galicia** constituíuse o 8/01/2015 o abeiro do artigo 22 da Constitución Española e da Lei Orgánica 1/2002 de 22 de Marzo, reguladora do Dereito de Asociación e rexistrada con data 2/03/2015 no Rexistro Central de Asociacións da Vicepresidencia e Conselleria da Presidencia, Administracións públicas e Xustiza da Xunta de Galicia co número 2015/019161 sección 1

2.- Que no artigo 3 dos Estatutos sociais, que se adxuntan, figuran, entre outros, os seguintes obxectivos ou fins:

a) Defendelos intereses xerais dos homes e mulleres do campo. En especial, os das explotacións familiares agrogandeiras, tamén das non profesionais así coma os dos xoves agricultores de Galicia.

b) Representar ós agricultores, gandeiros, propietarios forestales e aos habitantes do rural en xeral, defendendo os seus intereses e procurándolles os medios que permitan lograr estes fins, podendo exercitar a tal efecto cantas accións e recursos correspondan ante as Administracións locais e Provinciais, Administración Autonómica, Administración do Estado, Institucións e Autoridades comunitarias, Tribunais de Xustiza ou calquera outra instancia pública ou privada.

3.- Que para dar cumprimento o ditado nos Estatutos sociais, a Xunta Directiva da Asociación reunida en data 1/06/2017, acordou concorrer as eleccións convocadas pola Conselleria do Medio Rural da Xunta de Galicia mediante a Orde publicada no DOG nº 67 do 5/04/17 pola que se convocan eleccións e se ditan normas para a renovación dos órganos de goberno de determinados **consellos reguladores do ámbito agro alimentario**.

ASOCIACIÓN AGRARIA
DE GALICIA

4.- Que a vista dos resultados electorais acadados tras a celebración das eleccións o 9/07/2017, que se reflexan na **Certificación da Conselleria do Medio Rural que se adxunta**, a **Asociación Agraria de Galicia** figura como **unha das tres organizacións agrarias máis representativas do medio rural de Galicia**.

5.- Que os mencionados procesos electorais son os únicos que de maneira regular e sistemática se veñen celebrando no eido agrario en Galicia.

6.- Que a **Asociación Agraria de Galicia** dispón de capacidade material e humana suficiente para o normal desenrolo das súas funcións e para participar activamente nas reunións e actividades convocadas polos foros e Organismos nos que participa.

7.- Que a Xunta Directiva da Asociación reunida o pasado día 31/01/2020 acordou por unanimidade a proposta do Presidente solicitar a inclusión formal como membro de pleno dereito do Consello Económico e Social de Galicia.

Por todo elo, e polo que,

SOLICITA:

Teña a ben iniciar o precedemento e os trámites necesarios para que a **Asociación Agraria de Galicia** poida incorporarse e participar nas reunións e actividades, como membro de pleno dereito do Consello Económico e Social de Galicia.

E para que así conste os efectos descritos, asina en Santiago a 18 de Febreiro de 2020

ASOCIACIÓN AGRARIA
DE GALICIA

Asdo. Francisco Bello Bello

Presidente

ILMO. SR. Presidente do Consello Económico e Social de Galicia.